

“RAP” DAS NORMAS DE CIRCULACIÓN NO NOSO COCHE PARTICULAR

Estas son as normas,
para viaxar,
no teu coche
particular.

Temos que seguilas,
nós e os nosos pais,
son obrigatorias,
non o penses máis.

Sube e baixa,
pola beirarrúa,
non virán coches,
na túa procura.

Séntate atrás,
é imprescindible,
pois un accidente,
é imprevisible.

Usa a túa silla,
ou o teu asento,
usa o cinto,
ten coñecemento.

Non tires cousas
pola ventá,
non saques a cabeza,
non saques a man.

Non enredes
ao conductor,
os teus berros
distraen “mogollón”.